

Mil festas máis para a lingua galega



www.galeguizargalicia.tv



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



XUNTA
DE GALICIA



© PIO GARCIA

MIL FESTAS MÁIS PARA A LINGUA GALEGA

O CARÁCTER PATRIMONIAL DAS NOSAS FESTAS POPULARES

VARIEDADE E NÚMERO

As festas populares en Galicia constitúen un referente na vida social dos galegos. As parroquiais son, de vello, fórmulas de convivencia sentidas e queridas polas súas comunidades. En vilas e aldeas celébrase, por veces, máis dunha festa anualmente. Celebracións relixiosas ás que se sumaron as de carácter gastronómico. Hai variedade de festexos, pois tamén se inclúen as que se organizan para rememoren acontecementos históricos.

Ser ociosos un día non é unha casualidade, senón un proceso de cultura. As danzas tradicionais e a música popular que amenizan eses espazos sociais poden ter unha

relevancia especial. De aí que haxa moitas festas que gozan do recoñecemento institucional polo seu interese cultural. Mais a incidencia negativa de elementos estraños á nosa antropoloxía cultural supuxeron unha agresión ás nosas tradicións. A pervivencia das singularidades está a ser arrombada por programas xeneralizados que se aplican aquí e acolá polos axentes externos que interveñen neles.

Galicia celebra durante o ano máis de sete milleiros de eventos festivos. Esta cantidade supón un avultado investimento multimillonario de euros, que contribúe ao mantemento dunha boa parte da industria cultural. Multiplícase o número de orquestras e de atraccións para atender a demanda. Trescentos quince concellos e algo máis de tres mil setecentas parroquias organizan moreas de festas.

Os efectos da globalización inciden negativamente na programación destas festas e celebracións lúdicas. A marxinación dos sinais de identidade da nosa cultura aparecen esluídos ou obviados, co que se impide que estes espazos de lecer sexan os lugares de reencontro dos galegos coa súa peculiar idiosincrasia e cohesión social, ademais de escaparates privilexiados para divulgar o noso patrimonio cultural.

A INTERVENCIÓN PEDAGÓXICA DAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia no ano 2004 apunta algunhas medidas que consideramos que se han divulgar:

1. Promover a produción cultural en lingua galega, fomentando a súa calidade e diversificación e traducindo os principais éxitos musicais de cada ano de incorporalos no repertorio das festas.



2. Establecer acordos cos axentes artísticos de orquestras e espectáculos para garantir a presenza do galego nos contratos, na publicidade e na relación co público, e que incorporen a produción cultural galega, polo menos, nun 50% da actuación dos grupos musicais e doutras atraccións nas festas populares.

3. Establecer que as programacións culturais que contén coa axuda dalgún organismo público deben garantir a presenza vehicular da lingua galega e unha notable porcentaxe de produción cultural galega.



© PIO GARCIA



© PIO GARCIA

OS CONCELLOS E A SÚA FUNCIÓN PEDAGÓXICA

Velaí porque é preciso que os concellos articulen estratexias imaxinativas para recuperar as manifestacións populares, que orienten as comisións de festas nas súas organizacións. Festas de integración nas que se sintan representadas todas as xeracións, e nas que se revaloricen os espazos naturais, arquitectónicos e etnográficos do lugar onde se celebren. Cómpre unha pedagogía eficaz que procure escorrentar os prexuízos culturais e lingüísticos e que incentive o bo gusto nas programacións.

As corporacións locais están obrigadas por mandato legal (Estatuto de autonomía e Lei de normalización lingüística) a promover e a fomentar o uso da lingua galega en todas as ordes da vida social, e a dárenlle cobertura, ademais, á protección do noso patrimonio cultural, o que contribúe a promover a autoestima dos galegos polo propio e evita a difusión doutras manifestacións alleas que desprazan os nosos valores tradicionais.



© PIO GARCIA



© PIO GARCIA

PROPOSTAS PARA A GALEGUIZACIÓN DAS FESTAS

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística proponlles aos concellos galegos e ás comisións de festas o seguinte catálogo de medidas para conseguir unhas festas INNOVADORAS, PARTICIPATIVAS E GALEGUIZADAS, que integren os seus recursos patrimoniais:

I. EXALTACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL

A) Na programación das festas fomentárase a exaltación dos valores patrimoniais (materiais e inmateriais) para concienciar a poboación na súa defensa e divulgación e para reforzar os vínculos e a autoestima no fomento das singularidades. As tradicións e a historia local, así como outros elementos definitorios da identidade, deben ser obxecto de atención polos programadores.

B) Os concellos deberán inventariar os recursos patrimoniais e divulgarlos a través de seminarios organizados para a formación das comisións de festas para o que han contar co apoio de historiadores, antropólogos, etnógrafos...

II. SÍMBOLOS DE GALICIA: BANDEIRA E HIMNO

A Lei de símbolos de Galicia establece que a bandeira galega será branca cunha franxa azul que a atravesese desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito, e que o himno galego terá a música de Pascual Veiga e a letra de Eduardo Pondal, aínda que se admite tamén como tal a Marcha do Antigo Reino de Galicia.

É un costume, cada vez máis estendido, a interpretación do Himno Galego na misa no momento da consagración.

De acordo con esta lei as comisións organizadoras das festas porán especial coidado para garantir a presenza da bandeira galega e que esta sexa utilizada correctamente, e hanse evitar usos indecorosos ou desproporcionalidade tanto no tamaño coma no uso delas en relación coa do Estado.

III. CELEBRACIÓNS RELIXIOSAS

Solicitar a colaboración dos cregos para que as liturxias relixiosas programadas (novenas, misas...) sexan en lingua galega.

IV. GALEGUIZACION MUSICAL

Na contratación de orquestras establecerase unha cláusula na que se obrigue a estas agrupacións musicais a que programen versións na nosa lingua. Estimamos que esa porcentaxe debería roldar o 20% do repertorio total.



Asemade, na mesma cláusula, especificarase que as alocucións dirixidas ao público se fagan en lingua galega.

V. PUBLICIDADE

A publicidade, calquera que sexa o seu soporte, farase en lingua galega e porase o mesmo coidado na instalación da sinalética deseñada.



VI. TOPONIMIA

A denominación da parroquia e os seus lugares deberá ter como única forma a oficial, establecida pola normativa da Xunta de Galicia.

VII. CORRECCIÓN GRAMATICAL

Porase especial coidado na utilización das normas morfolóxicas da lingua galega establecidas pola Real Academia Galega en todas as manifestacións escritas ou orais na publicidade.

VIII. CONTRATOS

Os actos xurídicos teñen validez en lingua galega. Os contratos asinados con terceiros deberían estar redactados na nosa lingua como unha maneira de normalizar o seu uso en ámbitos tan diversos.

IX. PREGÓNS

As comisións de festas deberían incluír nos seus programas o pregón. A persoa encargada de facelo debe ter coñecementos de historia, patrimonio e tradición locais. A súa intervención serviría para orientar a incorporación das festas na identidade territorial.

X. LINGUA E PRODUTOS DO PAÍS

As festas son unha boa ocasión para organizar a degustación e a venda de produtos típicos do país, o que favorece a divulgación daqueles que estean etiquetados na nosa lingua. Estes espazos de lecer son escenarios axeitados para transmitirlles aos consumidores a mensaxe de fidelidade aos produtos que se identifican co idioma galego, nomeadamente os viños.

Marzo, 2012



RELACIÓN DE ADHESIÓN

Real Academia Galega
Universidade de Vigo
Compañía de Radio/Televisión de Galicia

Centro de Investigación Ramón Piñeiro
Padroado Rosalía de Castro
Fundación Xosé Neira Vilas

Radiodifusión (Emisoras Municipais Galegas
Filmax, produtora cinematográfica

Central Intersindical Galega
Sindicato Labrego Galego
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Adega (Asociación para a defensa ecoloxica de Galicia)
Asociación Forestal de Galicia
Centro de Cultura Popular da Limia
Centro Cultura Popular Xaquín Lorenzo
Federación Coral Galega
Fundación Lois Peña Novo
Asociación Álvaro das Casas
Asociación de Amigos do Couto Mixto
Foro E. Peinador
Coro Tradicional Cantares do Brión
Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos
Grupo Musical “A Roda”

Festival Pardiñas
Asociación Xermolos
Asociación Álvaro das Casas
Instituto de Estudos Carballiñeses
Compañía teatral “Lagarta lagarta, S.L.”

Luís Quinteiro Fiuza, Bispo Diocese Tui-Vigo
Xosé Manuel Piñeiro, músico e presentador de TV
Paco Lodeiro, presentador de TV
Iolanda Vázquez, presentadora de TV
Antonio Durán “Morris”, actor.
Ernesto Chao Pino, actor.
Rosa Álvarez Cabo, actriz
Cándido Pazó, actor
Gonzalo Rei Chao, actor
Xaquín Campo Freire, crego

Salvador García Bodaño, escritor
Xosé Luís Franco Grande, escritor

Deputación Provincial de Ourense

Concello de A Estrada
Concello de A Mezquita
Concello de Amoeiro
Concello de Aranga
Concello de Arteixo
Concello de Bande
Concello de Bueu
Concello de Carral
Concello de Cartelle
Concello de Castrelo de Miño
Concello de Castro Caldelas
Concello de Cee
Concello de Celanova
Concello de Cuntis
Concello de Maceda
Concello de Manzaneda
Concello de Mazaricos
Concello de Mondariz-Balneario
Concello de Monforte de Lemos
Concello de Muiños
Concello de O Barco
Concello de Ourense
Concello de Outes
Concello de Pobra do Brollón
Concello de Poio
Concello de Redondela
Concello de Rianxo
Concello de Ribadeo
Concello de O Rosal
Concello de Salceda de Caselas
Concello de Teo
Concello de Tomiño
Concello de Vilar de Santos
Concello de Vimianzo
Entidade Local Menor de Morgadáns

